



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO PARA O CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE LOUSAME.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Lousame o instrumento fundacional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Lousame para o financiamento da adquisición dun vehículo de transporte adaptado o Centro de Día do Concello de Lousame, co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Lousame, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 14.7.2006, conta cun Centro de Día, para a atención ás persoas maiores con certo grado de dependencia e perda da súa autonomía persoal (física ou psíquica), que residindo nos seus fogares precisan





dunha serie de coidados e atención de carácter persoal, terapéutico ou social.

O Centro de Día de Lousame leva ofertando dende á súa apertura un servizo de transporte, ao ser este necesario para facilitar o seu acceso ao centro desde un lugar próximo ao seu domicilio e viceversa; mais, tendo en conta o continuo envellecemento que sofre o municipio, as solicitudes de praza no centro foron en aumento nos últimos anos, e polo tanto tamén se incrementaron as solicitudes de praza no servizo de transporte, existindo na actualidade unha lista de agarda para o acceso a dito servizo.

Co fin de atender ás necesidades das persoas usuarias do Centro de Día de Lousame e facer fronte ó incremento na demanda de prazas no transporte, resulta necesario a adquisición dun vehículo adaptado a persoas con mobilidade reducida, que facilite a prestación do servizo de transporte no centro. Todo isto, co fin posibilitar unha adecuada atención ás persoas usuarias do Centro de Día de Lousame e mellorar a atención a estas persoas dentro do seu propio entorno, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para o financiamento da adquisición do devandito vehículo adaptado a persoas con mobilidade reducida co cal poder trasladar aos usuarios/as do Centro de Día de Lousame, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento desta adquisición, posibilitando así unha mellor calidade na atención que se presta no devandito centro.

Considérase polo tanto idóneo o financiamento desta actuación necesaria neste centro municipal nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas usuarias do centro prestando un servizo público de calidade a través do Centro de Día de Lousame, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.





Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando esta xerencia que a necesidade da adquisición dun vehículo de transporte adaptado para o Centro de Día do Concello de Lousame e o interese común de resolver a problemática do acceso ao centro, posibilitando unha mellor atención ás persoas que son usuarias deste servizo, xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento da referida actuación, concretándose esta colaboración co Concello no convenio para tal fin.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se ditén en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Lousame para a adquisición do vehículo de transporte adaptado un importe máximo de 36.208,79 euros, con cargo á partida 11.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou





doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

